



## **Protocolo de medidas de prevención do COVID 19 nos centros de visitantes dos Parques Naturais de Galicia e nas Aulas da Natureza.**

### **En relación cos visitantes:**

1º) Dispoñer dos elementos necesarios para a hixiene do público visitante (xel hidroalcohólico ou solucións desinfectantes. Os aseos quedarán pechados para o uso exclusivo das persoas traballadoras, salvo circunstancias excepcionais.

2º) Dispoñer unha distancia mínima de metro e medio (1,5 metros) entre os visitantes en todos os espazos do establecemento durante o tempo de permanencia, que será o estritamente necesario para recibir a prestación do servizo.

3º) Respetarán o aforo máximo do establecemento, as distancias e demais normas de seguridade.

4º) Deberán entrar no centro de visitantes provistos de máscara.

5º) Controlar, na medida do posible, a afluencia de público co fin de evitar as aglomeracións de persoas nas zonas de espera. No caso de picos con afluencia de visitantes e cando non se poda garantir a distancia mínima de seguridade, os visitantes terán que esperar fora das instalacións.

No caso de actividades de natureza en grupos, estes deberán ser reducidos, non superando as vinte e cinco (25) persoas, concertándose estas actividades preferentemente mediante cita previa. En todo caso, durante estes contactos sociais con terceiros, deberán respectarse as medidas de seguridade e hixiene establecidas polas autoridades sanitarias para a prevención do COVID-19, relativas ao mantemento dunha distancia mínima de seguridade interpersonal de un metro e medio (1,5 metros), circularán pola súa dereita no seu tránsito por



camiños e pasarelas e entrará unha única persoa por grupo a solicitar información no Centro de Visitantes.

6º) Colocarase unha cinta adhesiva no chan cun cartel que avise de manter a distancia e non tocar pola súa seguridade, a unha distancia dos materiais e paneis interpretativos para que os visitantes non toquen os elementos expostos.

7º) Informarase das medidas a cumprir polos visitantes a través de cartelería, da páxina web e redes sociais.

Este protocolo será obxecto de actualización cando sexa necesario, para adaptarse ao cumprimento das recomendacións preventivas da autoridade sanitaria, e se manterá informado de calquera cambio ao persoal traballador en todo momento.